

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
DE FRANCÉS  
(SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA)  
CURSO 2020-2021**

**CPI TINO GRANDÍO - GUNTÍN**

## ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.
2. Contribución da materia ás competencias básicas.
3. Obxectivos.
4. Secuenciación e temporalización dos contidos e relación dos aspectos curriculares.
  - 1º de E.S.O.
  - 2º de E.S.O.
  - 3º de E.S.O.
5. Metodoloxía didáctica.
  - Metodoloxía específica da área.
  - Materiais curriculares.
  - Outros recursos didácticos.
6. Procedementos de avaliación.
  - Avaliación inicial.
  - Avaliación ordinaria.
  - Avaliación extraordinaria.
7. Instrumentos de avaliación.
8. Sistemas de cualificación.
9. Criterios de cualificación.
10. Programa de recuperación.
  - Programa de recuperación da propia materia durante o curso.
  - Programa de recuperación de materias pendentes doutros cursos.
11. Medidas de atención á diversidade.
12. Actividades complementarias e extraescolares.
13. Tratamento do fomento da lectura.
14. Tratamento do fomento das TIC.
15. Procedementos para avaliar a propia programación.

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Departamento de Francés do CPI Tino Grandío de Guntín está formado neste curso por Dona **Marta Rodríguez Fernández**, profesora de ensino secundario con destino definitivo no centro e xefa deste departamento, que imparte as seguintes materias: Francés (2ª lingua estranxeira) en 1º, 2º, 3ºA e 3ºB de ESO, Lingua galega e literatura en 1º ESO e Valores éticos en 1º e 2º de ESO.

A materia de Francés como segunda lingua estranxeira conta con dúas horas de clase semanais en 1º, 2º, 3ºA e 3ºB de ESO. A profesora Marta Rodríguez Fernández imparte tamén catro horas de clase semanais de Lingua galega e literatura en 1º de ESO e dúas horas de Valores éticos.

Desde o Departamento de Francés, tratarase de:

- Mellorar o rendemento académico do alumnado nas áreas lingüísticas.
- Mellorar a expresión oral e escrita en francés, a través dunha metodoloxía eficaz.
- Promover o gusto pola lectura.
- Fomentar o uso dos materiais dixitais que sirvan de material complementario ao alumnado, ben para reforzo ou coma extensión dos seus coñecementos.
- Reflexionar sobre os nosos obxectivos con outras áreas lingüísticas para elaborar estratexias comúns de actuación que nos permitan obter mellores resultados na práctica docente.
- Educar en valores colaborando co centro nas actividades que propoña a este respecto.

## 2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS.

A materia de francés contribuirá a mellorar as seguintes competencias básicas a través da adquisición das seguintes subcompetencias:

### 1. Competencia en comunicación lingüística

- 1.1. Desenvolver habilidades comunicativas para interactuar de forma competente nas diferentes esferas da actividade social.
- 1.2. Ser capaz de escoitar, falar e conversar en francés.
- 1.3. Ser capaz de expresarse en francés, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación.
- 1.4. Saber ler textos en francés e así ampliar coñecementos e favorecer o acceso a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.
- 1.5. Interpretar diferentes tipos de discursos en contextos e con funcións diversas.
- 1.6. Recoñecer e aprender as regras de funcionamento do francés a partir das linguas que xa coñece.

### 2. Competencia en tratamento da información e competencia dixital

- 2.1. Acceder a todo tipo de información que se pode encontrar en francés.
- 2.2. Utilizar o francés para comunicarse con outras persoas a través do correo electrónico, en intercambios...
- 2.3. Crear contextos sociais e funcionais de comunicación.
- 2.4. Aproveitar os recursos dixitais para contactar con modelos lingüísticos diversos.

### 3. Competencia social e cidadá

- 3.1. Utilizar o francés como vehículo de comunicación e transmisión cultural.
- 3.2. Recoñecer e aceptar, mediante o coñecemento do idioma, as diferencias culturais e de comportamento.
- 3.3. Intercambiar información persoal en francés para reforzar a identidade de los interlocutores.
- 3.4. Aproveitar a interacción que se produce no traballo en equipo para aprender a participar, expresar ideas propias, escoitar as dos demais, desenvolver a habilidade para construír diálogos, tomar decisións valorando as aportacións dos compañeiros, e favorecer o feito de aprender de e cos demais.

### 4. Competencia artística e cultural

- 4.1. Aproximarse mediante o estudo da lingua a outros autores que contribuíron desde distintas áreas á manifestación artística.
- 4.2. Expressar en francés opinións, gustos e emocións que producen as diversas manifestacións culturais e artísticas.
- 4.3. Realizar traballos creativos individualmente e en grupo.
- 4.4. Realizar representacións de simulacións e narracións.

### 5. Competencia para aprender a aprender

- 5.1. Utilizar a linguaxe para interpretar e representar a realidade, construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións.
- 5.2. Reflexionar sobre a propia aprendizaxe para identificar como se aprende mellor e que estratexias son máis eficaces.
- 5.3. Ser consciente da importancia da atención, a concentración, a memoria, a comprensión, etc. para afrontar o reto da aprendizaxe.

### 6. Autonomía e iniciativa persoal

- 6.1 Adquirir conciencia de valores e actitudes tales como a responsabilidade, a perseverancia, o autoconhecimento, a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, asumir riscos...
- 6.2 Ser capaz de elixir con criterio propio, imaxinar proxectos e levar adiante accións tanto no plano individual como grupal.
- 6.3 Conseguir transformar as ideas en accións pasando polas fases de análise, desenvolvemento, planificación, toma de decisións, actuación, avaliación, autoavaliación, conclusións e posibles melloras.
- 6.4 Dispor de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo. Poñerse no lugar do outro, valorar as súas ideas, dialogar e negociar, ser asertivos e traballar de forma cooperativa e flexible, empatizar, ter espírito de superación e asumir riscos.

Todas estas competencias e subcompetencias poñen en xogo diversas estratexias e utilízanse diferentes destrezas lingüísticas e discursivas de forma contextualizada. Polo tanto, as actividades nas que se usa a lingua estranxeira están enmarcadas en ámbitos que poden ser de tipo público (todo o relacionado coa interacción social cotiá), persoal (relacións familiares e prácticas sociais individuais), laboral ou educativo. O alumnado utilizará estratexias de

comunicación de forma natural e sistemática co fin de facer eficaces os actos de comunicación realizados a través das destrezas comunicativas. As destrezas que se desenvolverán serán: produtivas (falar, conversar e escribir), receptivas (escoitar e ler) e baseadas na interacción ou mediación.

A aprendizaxe do francés proporcionará ao alumno non só unhas competencias para poder comunicar senón que tamén lle proporcionará uns coñecementos culturais e sociais da cultura francesa que lle axudarán a conformar unha personalidade aberta e tolerante. Desta maneira conseguirase a formación integral do individuo.

### **3. OBXECTIVOS.**

#### **OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA**

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### **OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA**

O ensino da segunda lingua estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
2. expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación de forma comprensible, adecuada e con certo nivel de autonomía.
3. ler e comprender textos diversos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
4. escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas utilizando recursos adecuados de cohesión e coherencia.
5. utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
6. desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, e transferirlos á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
7. utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e a comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.
8. apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.

9. Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
10. Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

#### 4. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS.

##### 1º E.S.O.

AVALIACIÓN	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO DE TEXTO	TEMPORALIZACIÓN		PROBAS DE AVALIACIÓN
	TEMA	BLOQUE	CONTIDO		MES	SESIONES	
1ª avaliación	1	B1.1	Comprensión de documentos sonoros e audiovisuais sobre información persoal (presentación persoal, inscrición...).	Libro dixital T.1 e materiais do departamento	Setembro/ outubro	11	Exame de avaliación. Presentación de traballos. Traballo de aula.
		B1.2					
		B1.3					
		B1.4					
		B2.1	Presentación persoal oral. Escenificación dun diálogo previamente preparado.				
		B2.2					
B2.3							
B5.5	Comprensión de textos con información persoal (fichas de presentación de avatares, chats entre adolescentes...).						
B3.1							
B3.2	Comprensión de portadas de cómics.						
B4.1	Redacción dunha ficha con información persoal seguindo un modelo. Redacción dun diálogo. Redacción dunha presentación persoal.						
B5.5							
B5.3	Saúdos en situación: <i>vous</i> e <i>tu</i> . Introdución á xeografía de Francia: fronteiras e ríos. Cidades e especialidades culinarias francesas.						



Departamento de Francés

		B5.4	Discriminación do francés: sons e palabras.				
		B5.6	Saúdos e despedidas. Formas de presentarse e presentar a outro. Vocabulario da aula e propio a unha lingua estranxeira.				
		B5.7	Verbos <i>être</i> e <i>s'appeler</i> . Pronomes suxeito. Verbos pronominais. Numerais ata o 10.				
	2	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	Comprensión de documentos sonoros e audiovisuais sobre información persoal (presentación persoal, diálogo entre adolescentes...) Memorización de expresións para preguntar e indicar a idade, nacionalidade e enderezo.	Libro dixital T.2 e materiais do departamento	Novembro/ decembro	11	
		B2.1 B2.2 B2.3 B5.5	Presentación persoal oral. Escenificación de diálogos previamente preparados.				
		B3.1 B3.2	Comprensión de textos con información persoal (idade, nacionalidade, gustos...) Comprensión de portadas de cómics.				
		B4.1 B5.5	Redacción dunha ficha con información persoal seguindo un modelo. Redacción de diálogos para representar ante os compañeiros. Redacción dunha presentación persoal.				
		B5.1	Os diferentes sons da letra "e".				
		B5.3	Os ríos e montañas de Francia.				

Departamento de Francés

			O vocabulario do Nadal.				
		B5.6	Expresións para preguntar e indicar a idade, nacionalidade e enderezo. Vocabulario da clase. Días, meses e estacións.				
		B5.7	Artigos definidos e indefinidos. Interrogativos: <i>Est-ce que...? / Qu'est-ce que...?</i> Verbos <i>avoir</i> e <i>aimer</i> . Negación. Números de 11 a 20.				
2ª avaliación	3	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	Comprensión de documentos sonoros e audiovisuais sobre descrición de persoas, roupa, profesións e familia. Memorización de expresións de uso frecuente para a descrición de persoas.	Libro dixital T.3 e materiais do departamento	Xaneiro/ febreiro	10	Exame de avaliación. Presentación de traballos. Traballo de aula.
		B2.1 B2.2 B2.3 B5.5	Presentación e descrición de si mesmo e/ou dun compañeiro. Escenificación de diálogos previamente preparado sobre os membros da familia.				
		B3.1 B3.2	Comprensión de textos sobre descricións de persoas. Asociación de textos con descricións a ilustracións.				
		B4.1 B5.5	Presentación e descricións de personaxes. Redacción de textos sobre a familia, a arbore xenealóxica.				
		B5.6	A familia. Adxectivos para a descrición e cores. Roupa, transportes, profesións e os seus femeninos.				
		B5.7	Os posesivos.				

Departamento de Francés

			<p>Uso de <i>C'est... e Il/Elle est...</i>          O interrogativo: <i>Comment...?</i>          Preposicións con transportes, cidades e países.          Os números do 21 ao 50.</p>				
	4	<p>B1.1          B1.2          B1.3          B1.4</p>	<p>Comprensión de documentos sonoros e audiovisuais con invitacións, propostas de actividades.          Memorización de expresións para manter unha conversa telefónica e para convidar, aceptar e rexeitar unha proposta.</p>	<p>Libro dixital T.4 e materiais do departamento</p>	<p>Febreiro/          marzo</p>	<p>10</p>	
	<p>B2.1          B2.2          B2.3          B5.5</p>	<p>Escenificación de diálogos con invitacións e propostas de actividades de lecer.</p>					
	<p>B3.1          B3.2</p>	<p>Lectura e comprensión de textos breves (notas, sms, chats...) con propostas de actividades de lecer ou invitacións a festas, aniversarios...</p>					
	<p>B4.1          B5.5</p>	<p>Redacción de notas ou mensaxes de invitación para algunha actividade.</p>					
	<p>B5.1</p>	<p>Os sons [y] e [u].</p>					
	<p>B5.6</p>	<p>Léxico propio da conversa telefónica.          Instrumentos musicais e deportes.          Emocións e expresións.          Fórmulas para convidar, aceptar e rexeitar unha proposta.          Os verbos <i>jouer</i> e <i>faire</i> coas actividades de lecer.</p>					
	<p>B5.7</p>	<p>A comparación.  <i>Pourquoi...</i> e <i>Parce que...</i>          Artigos partitivos.</p>					

Departamento de Francés

			Pronomes tónicos. Os numerais do 51 ao 99.				
3ª aval.	5	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	Comprensión de documentos sonoros e audiovisuais sobre actividades cotiás e doenzas. Memorización de expresións para preguntar e indicar a hora, nacionalidade e enderezo.	Libro dixital T.5 e materiais do departamento	Abril/maio	10	Exame de avaliación. Presentación de traballos. Traballo de aula.
	B2.1 B2.2 B2.3 B5.5	Exposición das actividades cotiás. Conversas sobre proxectos empregando o <i>futur proche</i> . Presentación das nosas mascotas.					
	B3.1 B3.2	Lectura e comprensión de textos breves sobre actividades cotiás e descrições de animais. Asociación de descrições de mascotas a ilustracións.					
	B4.1 B5.5	Redacción de descrições de animais, como carteis de busca da nosa mascota. Presentación das actividades cotiás propias.					
	B5.1	Os sons [b], [v], [s], [ʃ], [ʒ], [z].					
	B5.3	O “Tour de Francia”. Os horarios franceses.					
	B5.6	<i>Quelle heure est-il?</i> Horarios. Vocabulario das actividades cotiás. Partes do corpo. <i>Avoir mal à...</i> e algunhas doenzas comúns. Animais e cualidades.					
	B5.7	Inversión do suxeito na interrogativa. <i>Futur proche</i> . Os verbos <i>voir</i> e <i>regarder</i> .					

Departamento de Francés

			Ordinais de 1 <sup>o</sup> a 12 <sup>o</sup> .				
	6	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	Comprensión de documentos sonoros e audiovisuais sobre compras nunha tenda e sobre o tempo. Memorización de expresións para preguntar e indicar o prezo dun produto e o tempo.	Libro dixital T.6 e materiais do departamento	Maio/xuño	11	
		B2.1 B2.2 B2.3 B5.5	Escenificación da información do tempo en Francia ou na nosa comunidade. Diálogos nunha tenda.				
		B3.1 B3.2	Lectura e comprensión de textos sobre información meteorolóxica e compras nunha tenda. Asociación de textos con previsións meteorolóxicas a ilustracións. Lectura e comprensión de postais de viaxe.				
		B4.1 B5.5	Produción de textos coa información do tempo en Francia ou na nosa comunidade para expoñer ante os compañeiros. Preparación de diálogos nunha tenda. Redacción de postais de viaxe.				
		B5.1	Vogais nasais [õ], [ã], [ë] e [œ].				
		B5.6	Vocabulario meteorolóxico. Vocabulario da viaxe. Sensacións físicas. Expresións na tenda.				

Departamento de Francés

		B5.7	<p>O imperativo.          Expresións impersoais: <i>Il fait..., Il faut...</i>          O condicional de <i>devoir, aimer e vouloir</i>.          O interrogativo <i>Combien...?/Combien de...?</i>          Pronomes de complemento directo.          Preposicións: <i>chez, avec</i>.</p>				
--	--	------	---	--	--	--	--

RELACIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE

TEMA	Ident contidos	Ident criterios	Ident. estándar	Comp etencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mín. consec.	Instrumentos				Temas trans- versais
							Exame escrito	Probas orais	Caderno de clase	Traballos escritos	
1-6	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	SLEB1. 1	CCL CD CAA CCEC	Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, dirección, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	100%		X			EOE
			SLEB1. 3	CCL CD CAA CCEC	Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver a escoitar o dito.	70%		X			EOE CA
			SLEB1. 4	CCL CD CAA	Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares	70%		X			EOE EC

Departamento de Francés

			CCEC	como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, obxecto ou un lugar.						
B2.1 B2.2 B2.3	B2.1 B2.2 B2.3 B2.4	SLEB2. 4	CCL CAA CCEC	Participa en conversacións informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.	70%		X			EOE EC
		SLEB2. 5	CCL CAA CCEC	Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre un mesmo e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración do interlocutor para entender e facerse entender.	70%		X			EOE EC
B3.1 B3.2	B3.1 B3.2 B3.3 B3.4	SLEB3. 1	CCL CAA CCEC CD	Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	70%				X	CL
		SLEB3. 3	CCL CAA CCEC	Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala dun mesmo e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.	70%				X	CL
		SLEB3. 4	CCL CAA CCEC CD	Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.	70%				X	CL
B4.1	B4.1	SLEB4.	CCL	Elabora textos sinxelos a partir de modelos,	70%	X		X	X	CL

Departamento de Francés

	B4.2 B4.3 B4.4	1	CAA CCEC CD	empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e nivel escolar.						EOE CA EMP EC
		SLEB4. 2	CCL CAA CCEC CD	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, dirección, gustos, etc).	100%				X	CL EOE
		SLEB4. 3	CCL CAA CCEC CD	Escrebe notas, listaxes, postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelos e breves, relativos a necesidades inmediatas.	70%				X	EOE CA EMP EC
B5.1 B5.2 B5.3 B5.4 B5.5 B5.6 B5.7	B5.1 B5.2 B5.3 B5.4 B5.5 B5.6 B5.7	SLEB5. 1	CCL CAA CCEC CD	Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización ...) e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	70%	X	X	X	X	CL EOE
		SLEB5. 4	CCL CAA CCEC CD	Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar...) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico e necesarios, moi básicos e traballados previamente.	70%	X	X	X	X	CL EOE
		SLEB5. 5	CCL CAA CCEC CD	Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis... recensión de libros e películas, obras de teatro...) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos Elementos Transversais, evita	70%				X	CL EOE CA EMP EC



Departamento de Francés

					estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.						
--	--	--	--	--	---	--	--	--	--	--	--

Departamento de Francés

2º E.S.O.

AVALIACIÓN	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO DE TEXTO	TEMPORALIZACIÓN		PROBAS DE AVALIACIÓN
	TEMA	BLOQUE	CONTIDO		MES	SESIONES	
1ª avaliación	0	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	Comprensión oral de textos de diversa natureza.	Libro dixital T.O e materiais do departamento	Setembro	4	Exame de avaliación. Presentación de traballos. Traballo de aula.
		B2.1 B2.2 B2.3 B5.5	Participación en diálogos sobre temas de interese para o alumnado.				
		B3.1 B3.2	Lectura e comprensión de textos en diversos formatos				
		B4.1 B5.5	Producción de textos: descrições de persoas, notas, mensaxes...				
		B5.6	Repaso das formas de presentarse. Léxico da vestimenta, das partes do corpo, do material da clase, dos transportes. A descripción física. Adxectivos cualificativos. Os membros da familia. Verbos usuais.				
		B5.7	Adxectivos cualificativos. Adxectivos posesivos. Verbos da primeira conxugación en presente. Verbos usuais. Interrogación: onde?, como?, cando?				

Departamento de Francés

			Números do 0 ao 100.				
1	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	Comprensión oral de textos de natureza diversa.		Libro dixital T.1 e materiais do departamento	Out-nov.	10	
	B2.1 B2.2 B2.3 B5.5	Participación en diálogos sobre temas de interese para o alumnado.					
	B3.1 B3.2	Lectura e comprensión de textos en diversos formatos					
	B4.1 B5.5	Produción de textos: descrições de persoas, notas, mensaxes...					
	B5.1	A entoación da afirmación, da exclamación e da interrogación. Os sons do <b>e</b> . A grafía do son /ñ/ en francés.					
	B5.3	A rexión PACA. O Festival de Cannes.					
	B5.6	Uso dos pronomes: <i>tu</i> e <i>vous</i> . A descrición. Profesións. Nacionalidades. Linguaxe estándar e coloquial.					
	B5.7	A presentación: <i>c'est</i> e <i>il/elle est</i> . A interrogación. Os verbos pronominais. Adxectivos masculinos e femininos.					

Departamento de Francés

			O lugar do adxectivo. Negación (plus, rien, jamais...). A situación espacial. Os adxectivos demostrativos.				
	2	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	Comprensión oral de textos de natureza diversa.	Libro dixital T.1 e materiais do departamento	Nov.-dec	10	
		B2.1 B2.2 B2.3 B5.5	Participación en diálogos sobre temas de interese para o alumnado.				
		B3.1 B3.2	Lectura e comprensión de textos en diversos formatos.				
		B4.1 B5.5	Produción de textos: descrições de persoas, avisos, notas, mensaxes...				
		B5.1	Fonética: a <i>liaison</i> . Os sons: <i>s, c, ss, ç, z</i> .				
		B5.3	O mundo da banda deseñada, léxico e bandas deseñadas franco-belgas. Tradicións do Nadal no mundo.				
		B5.6	A expresión <i>venir de</i> + cidade, país. Vocabulario para dar unha receita. Vocabulario da casa, piso, andar, partes... Vocabulario dos móbeis, do cotiá.				
		B5.7	O artigo partitivo. Cantidades determinadas e indeterminadas. A expresión: <i>Il faut...</i>				

Departamento de Francés

			<p>A conjugación do verbo <i>venir</i> en presente.          O imperativo.          Adverbios de localización.          A preposición <i>chez</i> e a locución <i>il y a</i>.          O pronome tónico (repaso).          Os determinantes posesivos.          Os plurais irregulares.</p>				
2ª avaliación	3	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	Comprensión oral de textos de diversa natureza.	Libro dixital T.3 e materiais do departamento	Xaneiro/ febreiro	10	Exame de avaliación. Presentación de traballos. Traballo de aula.
		B2.1 B2.2 B2.3 B5.5	Participación en diálogos sobre temas de interese para o alumnado.				
		B3.1 B3.2	Lectura e comprensión de textos en diversos formatos.				
		B4.1 B5.5	Producción de textos: descrições de persoas, avisos, notas, mensaxes...				
		B5.1	Os sons [g] et [ʒ]. O uso do acento circunflexo.				
		B5.3	A francofonía. A OIF. O francés do Quebec.				
		B5.6	Consellos para estar en forma: Si... Unha alimentación equilibrada Hábitos saudables. Vocabulario de deportes, alimentación e ocio.				

Departamento de Francés

			A expresión: <i>avoir l'air de...</i> As horas (repaso).			
	B5.7		O presente progresivo. Expresións de frecuencia: <i>une fois par semaine, tous les jours, jamais, souvent...</i> Os indefinidos: <i>tout, toute, tous, toutes.</i> Os verbos <i>devoir</i> e <i>vouloir</i> . O interrogativo: <i>où?</i> Os comparativos (repaso). O superlativo. Valores de <i>mieux, meilleur, pire.</i> O <i>passé récent</i> .			
4	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4		Comprensión oral de textos de diversa natureza.	Libro dixital T.4 e materiais do departamento	Febreiro/ marzo	11
	B2.1 B2.2 B2.3 B5.5		Participación en diálogos sobre temas de interese para o alumnado.			
	B3.1 B3.2		Lectura e comprensión de textos en diversos formatos.			
	B4.1 B5.5		Produción de textos: descrições de persoas, avisos, notas, mensaxes...			
	B5.1		As vogais nasais. Os sons: [v] e [b].			
	B5.3		Climas de Francia. Heroes e heroínas da animación francesa.			

Departamento de Francés

			A figura histórica de Xoana de Arco.				
		B5.6	Vocabulario da meteoroloxía. Vocabulario das viaxes (tren, estación, billetes, etc.) Expresións para dar opinións, argumentar, supor.				
		B5.7	Preposicións con cidades, países e rexións. Contraccións coa preposición <i>à</i> . A conxugación do verbo <i>savoir</i> en presente. Futur proche afirmativo e negativo. As expresións: <i>Il y a...</i> e <i>Il fait...</i> O futuro simple. Expresións temporais ( <i>demain, après-demain, la semaine prochaine...</i> ). Hipóteses de futuro (Si-presente-futuro). Numerais ata 1000. Expresión de prezos (dar e pedir).				
3ª aval.	5	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	Comprensión oral de textos de diversa natureza.	Libro dixital T.5 e materiais do departamento	Abril/mayo	10	Exame de avaliación. Presentación de traballos. Traballo de aula.
		B2.1 B2.2 B2.3 B5.5	Participación en diálogos sobre temas de interese para o alumnado.				
		B3.1 B3.2	Lectura e comprensión de textos en diversos formatos.				
		B4.1 B5.5	Produción de textos: descricións de persoas, avisos, notas, mensaxes...				
		B5.1	Os tres acentos gráficos franceses.				

Departamento de Francés

			Os sons do <i>e</i> .				
		B5.3	O parque de Grande-Synthe. Especies animais en perigo. O parque natural dos Pirineos.				
		B5.6	O léxico do sendeirismo. Vocabulario da flora e fauna. Falar do medio ambiente; consellos e xestos ecolóxicos. Dar consellos con <i>il faudrait</i> e <i>on devrait</i> . Indicacións en rutas. Sinalización, pictogramas.				
		B5.7	Expresións de prohibición e permiso: <i>on peut, on ne peut pas, il est interdit/défendu de...</i> O verbo <i>prendre</i> en presente. Expresións de oposición e restricción ( <i>mais, cependant, alors que, en revanche...</i> ). A interrogación con inversión V-S Expresións de causa, finalidade e consecuencia ( <i>parce que, car, comme, alors...</i> ).				
	6	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	Comprensión oral de textos de diversa natureza.	Libro dixital T.6 e materiais do departamento	Maio/xuño	8	
		B2.1 B2.2 B2.3 B5.5	Participación en diálogos sobre temas de interese para o alumnado.				
		B3.1	Lectura e comprensión de textos en diversos				



Departamento de Francés

	B3.2	formatos.				
	B4.1 B5.5	Produción de textos coa información do tempo en Francia ou na nosa comunidade para expoñer ante os compañeiros. Preparación de diálogos nunha tenda. Redacción de postais de viaxe.				
	B5.1	Normas de puntuación do francés. Os sons /o/ e /ɔ/. Formas gráficas de /se/.				
	B5.3	As cinco cidades máis poboadas de Francia.				
	B5.6	Léxico da saúde e tratamentos. Léxico do correo. Obras de arte e arquitectura (descrición, léxico). Busca dun correspondente. Fórmulas de cortesía na escrita.				
	B5.7	A formación do <i>passé composé</i> , sen concordancias. Participios regulares e máis usados. <i>Passé composé</i> en frases negativas. Marcadores temporais ( <i>la semaine dernière, l'année dernière, hier, demain, la semaine prochaine...</i> ). Verbos conxugados co auxiliar <i>être</i> . Pasado, presente e futuro ( <i>passé composé, présent progressif, futur proche</i> ) e valor futuro do presente. Os ordinais (de dúas cifras, 100 e 1000).				

Departamento de Francés

RELACIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE

TEMA	Ident. Contidos	Ident. criterios	Ident. estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mín. consec.	Instrumentos				Temas transversais
							Exame escrito	Probas orais	Caderno de clase	Traballos escritos	
0-6	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	SLEB1 .1	CCL CD CAA CCEC	Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de dirección sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	100%		X			EOE
			SLEB1 .3	CCL CD CAA CCEC	Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou da Internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver a escoitar o dito.	70%		X			EOE CA
			SLEB1 .4	CCL CD CAA	Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre	70%		X			

Departamento de Francés

			CCEC	temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, obxecto ou lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.						
B2.1 B2.2 B2.3	B2.1 B2.2 B2.3 B2.4	SLEB2 .4	CCL CAA CCEC	Participa en conversacións informais breves e moi básicas, cara a cara e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo en clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.	70%		X			EOE EC
		SLEB2 .5	CCL CAA CCEC	Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre un mesmo e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración do interlocutor para entender e facerse entender.	70%		X			EOE EC

Departamento de Francés

B3.1 B3.2	B3.1	SLEB3	CCL	Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	70%				X	CL
	B3.2 B3.3 B3.4	.1	CAA CSIEE CD							
		SLEB3	CCL	Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala dun mesmo e sobre sentimentos, preferencias e afeccións referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.	70%				X	CL
		.3	CAA CCEC							
B4.1	B4.1 B4.2 B4.3 B4.4	SLEB4	CCL	Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e nivel escolar.	70%	X		X	X	CL EOE CA EMP EC
		.1	CAA CSIEE CD							
		SLEB4	CCL							
	.2	CAA CCEC CD								
		SLEB4	CCL	Escribe avisos, notas, instrucións, postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelos e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.	70%				X	EOE CA EMP EC
		.3	CAA CCEC CD							
B5.1	B5.1	SLEB5	CCL	Identifica sons e grafías de fonemas	70%	X	X	X	X	CL

Departamento de Francés

	B5.2	B5.2	.1	CAA CCEC CD	básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización...) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.							EOE
	B5.3	B5.3										
	B5.4	B5.4										
	B5.5	B5.5										
	B5.6	B5.6										
	B5.7											
			SLEB5 .4	CCL CAA CCEC CD	Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro...) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos Elementos Transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	70%					X	CL EOE CA EMP EC
			SLEB5 .5	CCL CAA CCEC	Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar...) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.	70%	X	X	X	X		CL EOE

Departamento de Francés

3º E.S.O.

AVALIACIÓN	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO DE TEXTO	TEMPORALIZACIÓN		PROBAS DE AVALIACIÓN
	TEMA	BLOQUE	CONTIDO		MES	SESIONES	
1ª avaliación	0	B1.1	Comprensión de pequenos diálogos sobre o colexio ao comezo do curso. Escoita e comprensión de poemas.	Libro de texto T.0	Setembro/ outubro	8	Exame de avaliación. Presentación de traballos. Traballo de aula.
		B1.2					
		B1.3					
		B2.1	Correcta pronunciación das expresións estudadas. Memorización e recitado de poemas. Diálogos sobre a volta ao colexio e os horarios de clase. Enquisa para coñecer aos compañeiros. Conversas sobre gustos e costumes.				
		B2.2					
		B2.3					
		B5.5					
		B3.1	Comprensión da información esencial en textos breves coa axuda da grafía e da ilustración e localización de información específica. Observar un horario e extraer información del.				
B4.1	Elaboración dunha enquisa para coñecer mellor aos compañeiros. Produción de textos breves e sinxelos sobre a volta ao colexio e as sensacións do primeiro día de clase.						
B5.5							
B5.1	As entoacións en francés.						
B5.2	Signos de puntuación: signo de interrogación, de exclamación e puntos suspensivos.						
B5.3	O colexio en Francia. Algúns poetas do século XX.						
B5.6	Léxico: Os sentimentos. Vida cotiá: o colexio, as actividades extraescolares, os						

Departamento de Francés

			gustos.				
		B5.7	Os tempos verbais: presente e <i>passé composé</i> . Palabras interrogativas.				
	1	B1.1 B1.2 B1.3	Comprensión de descrições de personaxes para identificalas. Localización de informacións específicas dun diálogo para corrixir erros.	Libro de texto T.1	Outubro/ novembro	8	
		B2.1 B2.2 B2.3 B5.5	Presentación e descrición de personaxes. Presentación persoal.				
		B3.1	Asociación de fotos con países. Lectura e comprensión de descrições de personaxes, buscando informacións precisas. Identificación de personaxes célebres a partir de descrições. Lectura de acrósticos.				
		B4.1 B5.5	Redacción de presentacións e descrições de personaxes famosos, a partir de modelos. Elaboración de acrónimos.				
		B5.1 B5.2	Os sons [ɛ] / [ə], [ɛ̃] / [in]. A entoación e a prosodia. Signos de puntuación: signo de interrogación, de exclamación e puntos suspensivos. Palabras homónimas.				
		B5.3	A Francofonía : A Reunión e outros DROM. Os acrósticos.				
		B5.6	Léxico: Os países e as nacionalidades.				

Departamento de Francés

		Os adxectivos de personalidade (calidades e defectos). Os signos do zodíaco.				
	B5.7	As estruturas: il / elle est..., c'est / c'est un(e)..., Il / Elle est + nacionalidade. Os pronomes relativos ( <i>qui, que</i> ). Repaso das preposicións: <i>à, en, au(x)</i> . Os adxectivos cualificativos. O xénero dos adxectivos.				
2	B1.1 B1.2 B1.3	Comprensión de diálogos sobre os diferentes gustos á hora de vestir. Comprensión detallada de mensaxes dun contestador automático.	Libro de texto T.2	Novembro/ decembro	8	
	B2.1 B2.2 B2.3 B5.5	Descrición de fotos de persoas coa axuda dunha lista de vocabulario. Participación en conversas sobre os diferentes estilos á hora de vestir, a moda nos adolescentes. Contar unha anécdota ou unha viaxe en pasado.				
	B3.1	Lectura e comprensión de textos sobre a orixe dalgunhas prendas de vestir e accesorios. Observar unha ilustración e mediante esta ordenar cronoloxicamente un texto.				
	B4.1 B5.5	Redacción, a partir de modelos, dunha presentación e descrición persoal para participar no casting dunha serie de televisión. Produción de textos breves, como o final dunha historia, un mail, a orixe dunha prenda de vestir.				
	B5.1	Os sons: [ʒ] / [ã] / [ẽ], [v] / [f] e [p] / [b].				



Departamento de Francés

		B5.2	Signos de puntuación: signo de interrogación, de exclamación e puntos suspensivos. Palabras homónimas.				
		B5.3	A moda nos adolescentes. A orixe e a historia de certas prendas de vestir e de accesorios.				
		B5.6	Léxico: a roupa.				
		B5.7	Os adverbios de intensidade. A negación: <i>ne...rien, ne... jamais</i> . O passé composé (afirmativo/ negativo, verbos pronominais). Os conectores de tempo (cronoloxía).				
2ª avaliación	3	B1.1 B1.2 B1.3	Comprensión e memorización de expresións de uso cotián. Escoita e comprensión de opinións sobre o medio ambiente.	Libro de texto T.3	Xaneiro/ febreiro	10	Exame de avaliación. Presentación de traballos. Traballo de aula.
		B2.1 B2.2 B2.3 B5.5	Participación en diálogos sobre comidas, expresando gustos, preferencias, sentimentos e sensacións. Conversas sobre os proxectos de futuro dos alumnos.				
		B3.1	Asociación de frases relacionadas cos sentimentos á ilustracións de personaxes. Comprensión global dun texto con datos estatísticos. Lectura e comprensión da linguaxe dos sms a través de un cómic.				
		B4.1	Elaboración dunha enquisa e presentación dos				

Departamento de Francés

		B5.5	resultados utilizando porcentaxes. Descodificar un sms e transcribilo á linguaxe estándar. Redacción de textos explicando como se pode loitar contra a fame no mundo.				
		B5.1 B5.2	Os sons [ɛ] / [œ], [ʃ] / [ʒ] e [z] / [s]. Palabras homónimas. Signos de puntuación: signo de interrogación, de exclamación e puntos suspensivos.				
		B5.3	Ecoloxía e alimentación: <i>Insectos en el menú</i> . A linguaxe sms.				
		B5.6	Léxico: as sensacións e as emocións. A expresión da opinión. A expresión do tempo. O medio ambiente.				
		B5.7	O futuro simple (formación, verbos irregulares). O verbo <i>devoir</i> . As construcións: <i>Il faut/ on doit</i> + infinitivo, <i>avoir besoin de</i> + nome / + infinitivo.				
	4	B1.1 B1.2 B1.3	Comprensión de diálogos con indicacións para orientarse nunha cidade. Escoita e comprensión dun slam.	Libro de texto T.4	Febreiro/ marzo	10	
		B2.1 B2.2 B2.3	Preparación e escenificación de diálogos con indicacións para orientarse nunha cidade. Descrición de lugares: a nosa cidade ou vila.				
		B5.5	Preparar e cantar un slam.				
		B3.1	Comprensión detallada dun itinerario coa axuda dun plano.				

Departamento de Francés

			Lectura e comprensión de postais. Recoñecemento da estrutura dunha narración. Reconstrución dunha historia en pasado.				
		B4.1 B5.5	Redacción de postais. Presentación e descrición de lugares: a nosa cidade ou vila. Inventar unha historia a partir de un cadro.				
		B5.1 B5.2	Os sons: [o] / [oe] / [ə], [p] / [t] / [k]. Signos de puntuación: signo de interrogación, de exclamación e puntos suspensivos. Palabras homónimas.				
		B5.3	A vida en Marsella. Arte e literatura na Provenza.				
		B5.6	Léxico: a cidade. Expresións para plasmar o decorado dunha acción nunha narración.				
		B5.7	Preposicións de lugar. O pronome y. O imperfecto e o <i>passé composé</i> (situar unha acción / describir accións sucesivas).				
3ª aval.	5	B1.1 B1.2 B1.3	Escoita de mensaxes orais para responder a preguntas de comprensión. Comprensión do sentido xeral dun diálogo e localización de expresións útiles.	Libro de texto T.5	Abril/maio	10	Exame de avaliación. Presentación de traballos. Traballo de aula.
		B2.1 B2.2 B2.3 B5.5	Participación en conversas sobre tarefas do fogar e pequenos servizos. Presentación das habilidades persoais nas tarefas domésticas e intercambiar servizos.				

Departamento de Francés

			Escenificación de diálogos, expresando enfado, indignación ou dando as gracias por un servicio.				
		B3.1	Comprensión de mensaxes por palabras completándoas con vocabulario visto. Lectura e comprensión de diferentes textos, identificando neles expresións para dar as gracias. Comprensión global dun cómic e localización no texto de información específica.				
		B4.1 B5.5	Preparación de presentacións dunha asociación solidaria. Redacción de mensaxe de agradecemento a partir de modelos.				
		B5.1 B5.2	Os sons: [b] / [d] / [g], [ʃ] / [ʒn]. Signos de puntuación: signo de interrogación, de exclamación e puntos suspensivos. Palabras homónimas.				
		B5.3	A axuda humanitaria, as asociacións junior...				
		B5.6	Léxico: As tarefas domésticas. As relacións persoais. A frecuencia.				
		B5.7	A negación: <i>plus, personne</i> . Construcións verbais con pronomes de complemento directo e indirecto.				
	6	B1.1 B1.2 B1.3	Escoita e comprensión global de textos breves sobre as redes sociais. Localización de informacións específicas nun diálogo. Escoita e comprensión dun conto africano.	Libro de texto T.6	Maio/xu ño	11	

Departamento de Francés

		<p>B2.1 Conversas sobre recordos de infancia.</p> <p>B2.2 Presentación e descrición de obxectos</p> <p>B2.3 comparándoos, por exemplo, vantaxes e</p> <p>B5.5 inconvenientes da bicicleta.</p> <p>Presentación dunha personaxe famosa actual: cantante, rapeiro/a, humorista...</p>				
		<p>B3.1 Lectura teatralizada dun conto.</p> <p>Comprensión da información esencial dun texto e localización de información específica.</p> <p>Comprensión y asociación de textos a unha ilustración.</p>				
		<p>B4.1 Redacción de textos breves sobre recordos de infancia.</p> <p>B5.5 Presentación dunha personaxe famosa actual: cantante, rapeiro/a, humorista...</p>				
		<p>B5.1 Os sons: [ʎi] / [wɛ̃], [sk] / [sp] / [st].</p> <p>B5.2 Signos de puntuación: signo de interrogación, de exclamación e puntos suspensivos.</p> <p>Palabras homónimas.</p>				
		<p>B5.3 A arte da palabra onte e hoxe, desde os bardos aos cantantes de slam e “youtubers”.</p>				
		<p>B5.6 As redes sociais, as ferramentas dixitais.</p> <p>A escola no pasado.</p>				
		<p>B5.7 O comparativo e o superlativo.</p> <p>O imperfecto (construción).</p> <p>Expresións de tempo (pasado).</p>				

Departamento de Francés

RELACIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE

Tema	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándares	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao consec.	Instrumentos				Temas transversais
							Exame escrito	Probos orais	Caderno de clase	Traballos escritos	
0-6	B1.1 B1.2 B1.3	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4 B1.5 B1.6 B1.7	SLEB1.2	CCL CAA CSC CCEC CD	Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	100%		X			EOE CA
			SLEB1.4	CCL CAA CSC CCEC	Comprende, nunha conversación informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular o dito.	70%		X			EOE EC
	B2.1 B2.2 B2.3	B2.1 B2.2 B2.3 B2.4 B2.5	SLEB2.1	CCL CAA CSC CCEC CSIEE CD	Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas se se articulan clara e lentamente.	70%		X			EOE CA EC
			SLEB2.2	CCL CAA CSC CCEC CSIEE	Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades...), seguindo normas de cortesía	70%		X			EOE EC

Departamento de Francés

			CD	básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que o interlocutor necesite que se lle repita ou repetir o dito.						
		SLEB2.3	CCL CAA CSC CCEC CSIEE CD	Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discute -expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básicos- os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.	70%		X			EOE CA EC
B3.1	B3.1 B3.2 B3.3 B3.4	SLEB3.3	CCL CAA CSC CCEC CD	Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala dun mesmo; descríbense persoas, obxectos, lugares e actividades; nárranse acontecementos pasados, e exprésanse de maneira sinxela sentimentos, desexos e planos, e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	100%	X			X	CL
		SLEB3.5	CCL CAA CSC CCEC CD	Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (p. ex. sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.	70%	X			X	CL
B4.1	B4.1 B4.2 B4.3	SLEB4.1.	CCL CAA CSC	Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (p. ex. con amigos noutros países),	70%	X		X	X	CL EOE CA

Departamento de Francés

		B4.4		CCEC CD	intercámbiase información, descríbense en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e fanse e aceptan ofrecementos e suxestións (p. ex. canceláanse, confírmanse ou modifícanse unha invitación ou uns plans).						EC
			SLEB4. 3.	CCL CAA CSC CCEC CD	Escribe notas e mensaxes (chats, mensaxería instantánea, etc), nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e normas de cortesía e da etiqueta máis importantes.	70%			X	X	EOE CA EC
B5.1 B5.2 B5.3 B5.4 B5.5 B5.6 B5.7	B5.1 B5.2 B5.3 B5.4 B5.5 B5.6 B5.7		SLEB5. 1.	CCL CAA CSC CCEC	Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización ...) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	70%	X	X	X	X	EOE
			SLEB5. 4.	CCL CAA CSC CCEC CD CSIEE	Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis... recensión de libros e películas, obras de teatro...) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos Elementos Transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	70%				X	CL EOE CA EC
			SLEB5. 5	CCL CAA CSC CCEC	Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar,	70%	X	X	X	X	EOE



Departamento de Francés

					etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico e necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.						
--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

## 5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

### METODOLOXÍA ESPECÍFICA DA ÁREA.

O currículo básico proposto pola LOMCE, que recolle as recomendacións do MARCO COMÚN EUROPEO DE REFERENCIA PARA AS LINGUAS, está orientado á acción, é dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de integrar e de poñer en xogo as actitudes, os coñecementos e as destrezas que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real. Esta capacidade para a comunicación efectiva en contextos reais supón, en primeiro lugar, considerar a lingua como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente se sabe. A comunicación no mundo real require, así mesmo, abordar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación a partir do texto como unha unidade, na que se materializan conxuntamente todos os aspectos que nunha análise máis teórica da lingua adoitan tratarse por separado e como compoñentes illados. Sen que o enfoque orientado á acción desatenda en ningún momento a análise, o estudo e a práctica das distintas competencias que capacitarán ao alumnado para construír e decodificar textos, non debe esquecerse que son as actividades de comprensión e produción de devanditos textos, en determinados contextos, o que constitúe a acción comunicativa lingüística real.

Por todo iso, e para que o alumnado poida facer un uso da lingua que responda eficazmente ao reto comunicativo, é conveniente que tanto a análise e a reflexión sobre a lingua como o seu estudo e a súa práctica se deriven do que o texto oral ou escrito demande en cada caso, e que tanto o traballo realizado na aula como na aprendizaxe autónoma teñan como referencia os textos que os alumnos haberán de ser capaces de comprender e de producir, de maneira que as accións pedagóxicas e as tarefas de aprendizaxe, aínda sendo diversas e motivadoras, teñan sempre como característica común a contribución á consecución dos obxectivos específicos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliábeis para cada conxunto de actividades lingüísticas na etapa respectiva.

Para acadar estes obxectivos, articulamos os seus contidos en catro bloques:

1. A comunicación oral e escrita. Actividades para dotar ós alumnos dos contidos necesarios para expresarse oralmente e por escrito. Para iso séguense tres pasos:

- Inicia-la práctica con actividades deseñadas para averiguar coñecementos previos.
- Practica-los contidos novos en combinación con contidos xa adquiridos dentro dun marco comunicativo que ofrece pautas de comportamento válidas na vida real (como describir persoas, resolver problemas, ...). As actividades abarcan as catro destrezas básicas: entender, ler, falar e escribir.

- Usa-los contidos novos en situacións novas: diálogos, xogos, proxectos, ...

2. A reflexión sistemática. Actividades para fomentar nos alumnos unha actitude de análise e reflexión sobre a lingua francesa. Para que esta reflexión sexa frutífera é preciso:

- Basala en variadas actividades orais e escritas, e orientala con preguntas.
- Guiar ó alumno na creación de resúmenes gramaticais, léxicos personalizados, un caderno persoal.

- Fomenta-lo uso de materiais de consulta para reforzar e amplía-los coñecementos de vocabulario e contidos de gramática.

- Fomenta-la indución e dedución de normas gramaticais.

3. As estratexias de aprendizaxe. Actividades para facilita-la aprendizaxe da lingua. Son moi variadas e contribúen, indirectamente, a fomenta-la motivación dos alumnos:

- Usar fórmulas feitas e xestos para compensa-las propias limitacións.
- Organiza-lo aprendido (caderno persoal, léxico personalizado, ...).
- Realizar gran variedade de actividades lingüísticas individuais e interactivas.
- Recorrer a técnicas de aprendizaxe máis lúdicas: cancións, adiviñas, xogos, actividades plásticas, dramatizacións, ...
- Avaliar persoalmente o aprendido e o proceso de aprendizaxe, descubriendo aquelas estratexias máis útiles para cada un: ler, memorizar, escribir, debuxar, repetir, ...

4. Os aspectos socioculturais. Actividades para informar ó alumno sobre aspectos da vida e valores propios dos países de fala francesa e outros. Algúns medios son:

- Comparar comportamentos estranxeiros cos do propio país.
- Detectar en prensa e literatura xuvenil algúns temas e valores da cultura estranxeira, e comparalos cos propios.
- Familiarizarse con lugares, nomes, datos históricos, símbolos e outros elementos representativos da cultura francesa.

Préténdese asegurar a adquisición en maior ou menor grao por parte do alumno das catro subcompetencias comunicativas e o acceso a unha expresión correcta e fluída, desenvolvendo en paralelo as catro destrezas implicadas no feito de comprender, ler, escribir e falar, tanto na súa vertente receptiva como na produtiva tendo en conta non só os coñecementos declarativos (que aprendo) senón tamén os que se refiren ó proceso (como aprendo) e á finalidade (para que aprendo).

#### **MATERIAIS CURRICULARES.**

- Libros de texto:
  - Libro dixital 1º ESO, NETEX ELEARNING.
  - Libro dixital 2º ESO, NETEX ELEARNING.
  - Parachute 3, Ed. Santillana.
- Libros de exercicios, dicionarios, cadernos de gramática.

#### **OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS.**

- Audio: CDs e cassettes para a clase, cancións, entrevistas, informacións da radio.
- Libros de lectura (contos, novelas), revistas (*Le Kiosque*), periódicos, *bandes dessinées*.
- Documentos auténticos: billetes de tren, cheques, cartas de restaurantes, fichas persoais, fotos, horarios, publicidade, tests, enquisas, formularios, anuncios, etc.
- Material vídeo: material para a clase, películas, reportaxes de T.V., entrevistas, telexornais, previsións meteorolóxicas...

- Material diverso: mapas, mapas do tempo, planos, horóscopos, postais, fichas, xogos lingüísticos (encrucillados, sopas de letras...), carteis, páxinas webs, portais pedagóxicos...

## 6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

### AVALIACIÓN INICIAL.

Como en 1º de ESO o alumnado debuta no estudo do francés, salvo no caso dos repetidores, non se pode facer unha proba sobre contidos mínimos; pero si faremos un seguimento da participación durante as clases e unha revisión do caderno a semana anterior á avaliación inicial.

No resto dos cursos, durante as primeiras semanas revisaremos contidos dos cursos anteriores (vocabulario e estruturas máis importantes) e, coa observación durante a clase e a revisión do caderno, obteremos a información necesaria para a avaliación inicial.

### AVALIACIÓN ORDINARIA.

A avaliación dos alumnos deberá ser continua, nun proceso no que a súa propia participación (a autoavaliación) terá un papel importante. Atenderase ó desenrolo de capacidades e ó esforzo e traballo individual e colectivo desenvolvido así como á consecución dos obxectivos propostos.

Os procedementos de avaliación estarán en relación co logro da competencia comunicativa e o desenvolvemento e consecución das catro destrezas (comprensión e produción oral e comprensión e produción escritas) así como a reflexión sobre a lingua e os aspectos socioculturais. Nestes niveis de debutantes e elemental a avaliación formativa debe ser prioritaria. De todos modos, dado que no contexto escolar é necesaria establecer unha avaliación sumativa, establecemos os seguintes criterios:

- A expresión oral avaliarase na actividade de aula, nas interrelacións cos compañeiros e co profesor. Pode tamén establecerse unha proba específica individual, atendendo ós obxectivos de cada unidade: saber presentarse, dicir onde se vive, falar da familia, etc., na que se avaliará a corrección formal, a pronunciación, a soltura, nunha palabra, a capacidade de que a mensaxe se transmita correctamente.

- A comprensión oral avaliarase cunha proba de escoita ou na actividade de aula, tratando de comprobar a capacidade de comprensión sobre os temas das unidades: relacionar datos e imaxes, completar cadros verdadeiro-falso, situar obxectos no espazo, identificar obxectos ou imaxes, identificar e saber responder ás mensaxes do profesor ou dos compañeiros.

- A comprensión escrita avaliarase tamén con exercicios simples nos que a presenza da imaxe aporte unha información clara: descubrir erros, completar imaxes, sinalar persoas ou obxectos a partir do texto, ordenar diálogos, datos, etc., ou a partir das respostas do alumno relacionadas con un texto axeitado ao seu nivel.

- A expresión escrita avaliarase con exercicios simples a través dun modelo: enquisa, pregunta-resposta, fichas, tests, completar diálogos ou pequenas mensaxes cun contexto claro...

- A reflexión sobre a lingua avaliarase tamén con exercicios simples de pregunta-resposta, encher ocos, separar palabras, completar frases a partir de imaxes, etc.

Nesta etapa a avaliación da comprensión e expresión escrita así como da gramática realizarase nunha única proba escrita, por unidades; e a comprensión e expresión oral

avaliaranse preferentemente na actividade de aula, aínda que se pode completar a avaliación da comprensión cunha proba específica de audio.

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (TEA, TDH, discapacidade intelectual...) contará con exames adaptados e procurarase que dispoñan de tempo suficiente para realizar a proba escrita.

Os contidos non traballados durante a etapa de confinamento do curso pasado incluíranse ao longo de todo o curso e introducirase ao alumnado no traballo a través da Aula virtual do centro e da plataforma E-dixgal (en 1º e 2º de ESO) para poder seguir coa aprendizaxe nun posible novo confinamento. No caso de ensino non presencial, a comunicación co alumnado e coas familias realizarase a través da Aula virtual, da plataforma E-dixgal e dos medios telemáticos corporativos.

### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.**

Farase unha proba escrita no mes de setembro, na cal o alumno deberá demostrar que domina os contidos mínimos para unha avaliación positiva.

## **7. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.
- Ficha de rexistro individual

## **8. SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN.**

A avaliación ordinaria seguirá as seguintes pautas:

- As probas escritas realizadas representarán un **60%** da cualificación global;
- mentres que a actividade de aula, o restante **40%**. Neste apartado, a cualificación do alumno dependerá de varios factores:
  - Expresión e comprensión oral: participación activa nos intercambios orais, fluidez e corrección na comunicación oral, aínda que se admitirán certos erros de construción e pronunciación dado o nivel do alumnado.
  - Actitude e comportamento: esforzo, interese, colaboración cos demais compañeiros, atención, respecto, realización das tarefas encomendadas, autonomía na aprendizaxe, capacidade do alumno para recompilar información, utilizar libros de consulta, resolver as súas propias dúbidas, etc.
  - Caderno de clase: no que aparecerán tódalas tarefas realizadas en clase debidamente corrixiadas, as tarefas feitas na casa coa corrección correspondente, os apuntes de gramática, verbos, vocabulario, etc., tomados durante as clases, así como tódalas

fotocopias distribuídas polo profesor.

- Tarefas para realizar na casa: unha parte da nota global serán os deberes; o profesor orientará o estudo do alumno na casa como complemento do traballo na aula por medio de exercicios, tarefas que o alumno deberá traer resoltas a clase.

## 9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, nas que se valorará o grao de consecución dos obxectivos previstos aplicando a metodoloxía, os criterios de avaliación e utilizando os distintos procedementos de avaliación. En cada avaliación haberá como mínimo unha proba escrita.

A cualificación establecerase a partir da análise da aprendizaxe e do progreso dos alumnos. Cuantificaranse:

- coñecementos e procedementos
- actitudes, comportamento e traballo

Para cualificar, observarase os seguintes elementos:

- probas escritas
- chamadas na aula para corrección de exercicios e tarefas diarias
- organización e disposición do material de traballo (orde, actualización do caderno de clase)
- participación activa
- entrega e realización de exercicios e traballos axustados ao prazo e as indicacións
- actitude

## 10. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN.

### PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DA MATERIA DURANTE O CURSO.

Nos casos de alumnos que non acaden unha avaliación positiva durante o curso recomendarase a realización de exercicios de reflexión sobre a lingua (*mots cachés, exercices à trous, chercher l'intrus, répondre à des questions; trouver la question, mettre ensemble la question et la réponse, compléter des phrases, cocher la bonne réponse, q.c.m., mettre en rapport différents éléments, vrai ou faux?, etc.*) e terán a oportunidade de recuperar mediante a realización dunha proba escrita sobre os contidos traballados en clase.

Os alumnos que non alcancen os obxectivos propostos nalgunha das avaliacións poderán recuperar aquela que teñan pendente no mes de xuño, mediante outra proba escrita. Finalmente, se non se supera tal proba, o alumno dispoñerá doutra oportunidade en setembro.

### PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DOUTROS CURSOS.

Os contidos esixibles e as actividades de avaliación para os distintos niveis de francés como materia pendente corresponderanse cos equivalentes do mesmo nivel para o resto do alumnado.

Os alumnos que teñan francés pendente de cursos anteriores contarán cun Reforzo Educativo que permita traballar sistematicamente os aspectos fundamentais da materia pendente. Polo tanto, serán observados de forma especial polo profesor, proporcionándoselles material, explicacións adicionais na aula e no horario de atención a alumnos, etc., a través dunha avaliación continua (sendo francés unha materia con contidos progresivos). A tal efecto, o profesorado elaborará un sistema de rexistro detallado da evolución do alumno respecto á materia do curso anterior. De forma periódica o Departamento analizará a evolución destes alumnos. Se, como consecuencia da avaliación continua da materia pertencente ao curso no que está matriculado, se considera que o alumno alcanzou os obxectivos fixados para a materia pendente, decidirse a superación da materia pendente en reunión do Departamento. No caso de que estes alumnos non escolleran o Francés como optativa no curso actual, non podemos facer unha recuperación e seguimento na clase. A recuperación basearase na revisión dos materiais do ano anterior, que deberán facer individualmente.

En todo caso, en maio e setembro realizarase unha proba final da materia pendente nos distintos niveis. A proba consistirá nun exercicio escrito, no que deben demostrar unha comprensión escrita simple, un exercicio de expresión baseado nun modelo, exercicios gramaticais e de vocabulario dun nivel que corresponda a programación de cada curso: exercices à trous, question-réponse, association image-graphie, etc. Pero en ningún caso a avaliación se poderá limitar a esta proba final, senón ao conxunto desta e do traballo realizado ao longo do curso cara á superación da materia.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A atención á diversidade require unha intervención o suficientemente variada e diversificada como para que cada alumno encontre as condicións óptimas para desenvolver con éxito a súa aprendizaxe. Polo tanto, flexibiliza-la intervención pedagóxica é unha condición obrigada se quere atender adecuadamente á diversidade dos alumnos.

Esta diversidade queda reflexada nas diferenzas que presentan os alumnos en canto a:

- Os seus coñecementos previos.
- As súas ideas e representacións respecto á materia, neste caso, o francés.
- Os seus intereses e expectativas.
- As súas aptitudes.
- Os seus distintos ritmos de aprendizaxe.
- Os seus diferentes estilos de aprendizaxe.
- As súas actitudes con respecto á escola.

Para favorecer-lo tratamento da diversidade, seguiremos estas pautas:

- a) Diversificación das técnicas e modalidades pedagóxicas: organización do espazo-clase e agrupamentos do alumnado segundo as actividades (recunchos de traballo, exposicións no exterior da clase, ...) e segundo os intereses e as motivacións dos alumnos (reparto de tarefas en traballos cooperativos, de roles nas dramatizacións, ...); utilización de pluralidade de técnicas segundo os estilos de aprendizaxe do alumnado: visuais (observación de debuxos, fotos, vídeo, internet ...), auditivas (cancións, diálogos, karaoke,...), cinéticas (xogos, sketches, ...), globalistas (proxectos, lecturas, ...); aplicación de distintas modalidades de traballo: individual, en parellas, en pequeno ou gran grupo,

en grupo de corte individual (aportacións de cada alumno) ou cooperativo (negociación e aportación consensuada); utilización de diversos materiais e soportes: auditivos, escritos, visuais...; alternancia de actividades e duración das mesmas.

- b) Diversificación de contidos para un mesmo obxectivo (a partir do segundo curso): manipulación de contidos distintos dentro dun traballo cooperativo.
- c) Diversificación de actividades de aprendizaxe para un mesmo contido: actividades de audición, dramatizacións, lecturas para extraer informacións concretas, exercicios para encher ocos en branco, observación de imaxes e resposta a preguntas sobre as mesmas...; prácticas de ampliación e reforzo; traballo sobre dificultades específicas: exercicios e actividades complementarias sobre gramática, vocabulario, expresión oral, e expresión escrita, reforzo visual e auditivo de certas dificultades gramaticais (Vídeo); actividades facilitadoras das técnicas de estudo e auto aprendizaxe: consulta de dicionarios, organización do traballo persoal (auto-évaluation, grilles d'auto et co-évaluation referentes a contidos e destrezas, o caderno persoal: toma de apuntes, presentación, listados de clasificación, sínteses gramaticais, ...).

Para o alumnado que non promocióne (repetidor) elaborárase un programa individualizado orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior.

## 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O Departamento de Francés colaborará nas actividades culturais que o centro organiza con motivo da conmemoración de días sinalados e na redacción da revista *Pallares* do centro.

A continuación expóñense algunhas das actividades que se poden realizar en clase:

- escoitas de distintas situacións tanto reais como inventadas, por exemplo: programas de radio, de televisión, etc.;
- escoita de diversas cancións, tanto modernas como antigas de distintos autores e cantantes en lingua francesa, principalmente para fomentar a escoita e traducir e adaptar as letras das cancións aos dous idiomas;
- elaboración de tarxetas de Nadal, de felicitacións por San Valentín ou de marcapáxinas con motivo do día do libro;
- proxección de fragmentos de películas emblemáticas do cine francés que nos permiten debater sobre as semellanzas e diferenzas entre as nosas culturas;
- elaboración de receitas e carteis sobre a gastronomía francesa: as crêpes, a quiche lorraine (pastel de queixo, xamón y bacon), os exquisitos patés coma o de codorniz con pasas, o de pato ou a terrina rústica, sen esquecer a gran variedade de queixos (roquefort, camembert, brie, bleu d'Auvergne...) ou as deliciosas trufas e bombóns;
- degustacións dalgúns dos produtos máis típicos da gastronomía francesa, coma por exemplo as deliciosas crêpes bretonnes;
- exposición de carteis dando a coñecer tanto os monumentos máis representativos de Francia, como a súa música, a súa literatura ou incluso os seus perfumes máis selectos.



### 13. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA.

De acordo co plan lector, a área de Francés (2ª Lingua Estranxeira) contribuirá de forma especial á promoción da lectura no alumnado por medio das seguintes actividades:

- Lectura de todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos, en soporte impreso ou electrónico. Fomentarase a práctica da lectura, tanto individual como colectiva, realizada en voz alta e traballaranse técnicas de comprensión lectora, extracción de información partindo de textos de dificultade superior ao nivel do alumnado, expresión oral, etc.
- Consulta de obras en papel e outros formatos para obter información sobre a cultura francófona.
- Traballos sobre distintos temas relacionados coa cultura francófona (gastronomía, xeografía, deportes, literatura, etc.) nos que os alumnos poderán empregar material de consulta da biblioteca ou consultar en internet.
- Lectura dun libro, como mínimo, en cada trimestre a escoller polos propios alumnos entre os propostos polo profesor, adaptado ao seu nivel, que o alumno terá que ler na casa. Posteriormente realizaranse na clase as actividades derivadas desta: lectura en voz alta, comentarios, comparacións entre libros lidos, recomendacións a compañeiros... Co fin de promover o interese pola lectura fomentarase a lectura por pracer e non como destripamento de dificultades gramaticais e léxicas.

### 14. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC.

As novas Tecnoloxías da Información e Comunicación forman xa parte da vida de todos, de aí que o departamento de Francés Lingua Estranxeira aposte por integralas tamén no currículo. Coas TIC, ábrese para o profesorado enormes posibilidades de actuación na aula tendo en conta, ademais, que se trata de ferramentas capaces de motivar ao alumno moito máis que as estratexias convencionais.

Dende este departamento, aproveitaranse algunhas das ferramentas que ofrece Internet, no que se refire ao aprendizaxe do FLE, como dicionarios *on line*, recursos didácticos, prensa, recursos audio/vídeo (documentos sonoros, radio, televisión...), xogos, portais pedagóxicos...

Potenciarase a familiarización dos alumnos con tódolos soportes da información, tanto para solventar as dúbidas que lles xurdan, como para localizar material de traballo, e incluso para expor creacións propias.

Na maior parte dos temas da nosa materia intentarase planificar actividades de busca de información a través da rede ou en enciclopedias dixitais e traballaranse algúns dos contidos do currículo en soporte dixital.

#### ENLACES

- Arte: [www.louvre.fr](http://www.louvre.fr).
- Cómic: [www.asterix.tm.fr](http://www.asterix.tm.fr)
- Cursos de francés en Francia: [www.bonjourdefrance.com](http://www.bonjourdefrance.com)
- Dicionario *on line*: [www.wordreference.com](http://www.wordreference.com)

- Editorial: [www.longman-chapeau.com](http://www.longman-chapeau.com)
- Gastronomía: [www.francegourmande.com](http://www.francegourmande.com)
- Gramática francesa: [www.etudes-litteraires.com/grammaire.php](http://www.etudes-litteraires.com/grammaire.php)
- Xogos: [www.jeuxdemots.providence.learningtogether.net](http://www.jeuxdemots.providence.learningtogether.net)
- Música: [www.fnacmusic.com](http://www.fnacmusic.com)
- Parque temático: [www.disneylandparis.com](http://www.disneylandparis.com)
- Xornais: [www.lemonde.fr](http://www.lemonde.fr). [www.lefigaro.fr](http://www.lefigaro.fr).
- San Valentín: [www.lescale.net/valentin](http://www.lescale.net/valentin)
- Televisión: [www.france2.fr](http://www.france2.fr) [www.m6.fr](http://www.m6.fr)
- Turismo: [www.paris.fr](http://www.paris.fr).

## 15. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

A programación será revisada ao longo de todo o curso a través das reunións de Departamento, nas que se estudará o grao de cumprimento da programación nos diferentes grupos de ESO e se fará unha avaliación permanente da mesma.

A avaliación da propia programación levarase a cabo a través de:

- Análise dos resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos.
- Cuestionarios (ós alumnos).
- Intercambios orais (entrevistas con alumnos, debates).